

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID- 19?		

2. Medidas xerais de protección individual.

2.1 A nivel de centro educativo

Establecerase unha distancia física interpersoal mínima de **1,5 metros**.

O alumnado permanecerá no seu posto de traballo coas excepcións que se detallan neste plan.

É obrigatorio usar **máscara de protección** en todo caso. Será obrigatoria a pertenza dunha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala.




O uso adicional de viseiras protectoras non é obrigado aínda que non se prohibe para as persoas que voluntariamente as usen.

2.2 Información xeral



As principais medidas de protección básicas que deberedes empregar son as seguintes:

- + **Correcto uso da máscara.**
- + **Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.**
- + **Hixiene de mans:** lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. Farase canto menos 5 veces ao longo da xornada, preferentemente á entrada e saída da aula ou calquera acción que o requira.



- + **Á entrada e saída do centro,** esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da **hixiene de mans** con verificación visual do seu correcto cumprimento, prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase a realización unha vez sentados na aula.

+ Tamén debedes:

- **Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz** cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do codo.
- Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os aseos.
- **Manter a distancia física recomendada.** Se non se puidese manter, será necesaria a utilización de máscara de protección. Informarase do uso correcto da mesma e do xeito de poñela e sacala.




2.3 Posto de traballo e equipos.

Extremarase a orde, realizando a limpeza e desinfección do mesmo. **É responsabilidade do alumno a orde e limpeza do seu posto de traballo e do que empregue.**


O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as.

As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.



2.4 Ventilación das instalacións.

- Realizaranse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos *15 minutos* ao inicio da xornada, ao finalizar e entre clases, sempre que sexa posible.



2.5 Xestión dos residuos.

- Os **panos desbotables** e todo o **material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.)** debes depositalos na fracción resto nas papeleiras con tapa e pedal.
- O plástico, bricks e latas, e o papel e o cartón, botaranse nas papeleiras amarelas e azuis respectivamente que se atopan nos corredores do centro.